



# #salóndomarco

## *Un lugar para facer*

Proxecto gañador da Convocatoria de proxectos ANEXO 2017

Dirixido por Fran Quiroga

Datas 22 abril 2017 – 1 marzo 2018

Lugar Anexo [vestíbulo principal]

Produción MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

A inauguración terá lugar no propio espazo, o **sábado 22 de abril ás 12.30** (sesión vermú), cunha presentación de **Fran Quiroga**, con **Lara Dopazo** á poesía.

Sesión vermú coa colaboración de



# #salóndomarco

## *Un lugar para facer*

2

### Proxecto gañador da Convocatoria de proxectos ANEXO 2017

A partir do 22 de abril, o Anexo do MARCO estrea unha nova etapa da man do proxecto #SalónDoMARCO, dirixido por **Fran Quiroga**, que foi a proposta gañadora da **Convocatoria ANEXO 2017**.

Seguindo un dos signos distintivos do MARCO, a liña de programación desta sala situada no vestíbulo principal pon especial énfase na produción propia, tanto no que se refire ás obras e actividades, como ao comisariado. Nesta ocasión, o proxecto foi resultado dun concurso público pensado para seleccionar a programación que se desenvolverá no Anexo durante un ano: de abril de 2017 a marzo de 2018.

En setembro de 2016 tivo lugar a reunión do comité de avaliación —composto por Mela Dávila, directora de programas públicos do MNCARS Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía; Julio Gómez, codirector de Sinsalaudio; Sören Meschede, membro de hablarenarte; e Agar Ledo, responsable de exposicións do MARCO— que elixiron #SalónDoMARCO entre un total de 24 proxectos presentados.

Da proposta seleccionada valorouse, entre outras cuestións, a boa articulación dos contidos e da xestión, tamén económica, do proxecto; a implicación de públicos que non proceden necesariamente do campo da arte; o carácter colaborativo da proposta, en cuxa redacción participaron os colectivos implicados, que ademais amplían o marco de participación fóra do ámbito da arte contemporánea; e a apertura do espazo á cidadanía, para que se apropie del participando e producindo contidos. Os integrantes do comité que valorou as propostas destacaron que se traballe para converter o espazo Anexo nun lugar no que sexa o visitante ou o asistente quen forme parte crucial do desenvolvemento da actividade.

# #salóndomarco

## *Un lugar para facer*

O #SalónDoMARCO configúrase como un espazo recoñecible pola propia sociedade, como esa sala de estar dun fogar na que reunirse en torno a unha mesa ou sentarse no sofá e falar do devir e do cotiá. Este 'lugar para estar' concíbese como un proxecto de mediación, experimentación e investigación colectiva que facilita o impulso de comunidades de aprendizaxe; considerando a mediación non como un proceso de explicación do que alí ocorre, senón como un dispositivo que procura tecer redes e xerar conexións.

Os museos de arte contemporánea son espazos creadores de subxectividades, e tamén amplificadores de narrativas; son lugares para o sublime, mais tamén facedores do presente. Han ser lugares que interpelen a sociedade e que se vexan afectados por ela, nos que o compromiso coa contemporaneidade condicione a creación doutros modos de facer, nos que o discurso se configure como unha pedra angular da arte.

A apertura deste lugar no MARCO abre unha nova infraestrutura no propio museo para experimentar outra interface que reivindica a capacidade da cidadanía de construír e facer *comúns*. A través dunha serie de dispositivos —obradoiros, seminarios, encontros, conversas, propostas experimentais...— procúrase que a cidadanía se apropie do #SalónDoMARCO. A xeración de nodos de investigación, a construción do propio espazo, ou o impulso de comunidades de aprendizaxe, son algunhas das intervencións a desenvolver.

---

**Fran Quiroga** (Paderne, A Coruña, 1982) é investigador con interese na intersección entre a creación contemporánea, os comúns e a participación social. Licenciado en Ciencias Políticas pola USC. Coordina o *Programa de Estudos en Mancomún: Ruralidades, Feminismos e Comúns*, que obtivo financiamento pola Fundación Daniel & Nina Carasso. Dirixe o CulturalLab do Máster en Servizos Culturais da USC, e co-dirixe o proxecto de investigación *Ruraldecolonizado, camiñando por pluralismos epistemolóxicos* apoiado polo CGAC e o MUSAC. Ten impartido conferencias en centros como MUSAC, Arts Santa Mònica, MediaLab Prado, Ministerio de Educación y Cultura, USC, ou University of Pennsylvania, entre outros. Entre os seus campos de investigación están a teoría decolonial, o rural, os comúns e os procesos de transformación social. Tamén co-cordina Montenoso, proxecto de creación contemporánea, co que obtiveron a Mención de Honra no Ars Prix Electronica (Austria 2014).

<http://franquiroga.gal>



## #Breve manual de uso

O MARCO ten un salón. Un novo espazo de socialización, un lugar onde atoparse, ler, estar e facer. É teu, máis todxs debemos corresponsabilizarnos no seu uso e desfrute. Este espazo non pode privatizarse, pertence ao común.

4

## #CALENDARIO

### Obradoiro #FACER ESPAZO

30 marzo – 12 abril

Álex F. Palicio (coa consultoría de Paul Guy)

Participantes: Alberto 'Ash' Santos, Erik Balbuena, Zaida Gómez, David Mortol Moreno, Raquel López Castro, M<sup>a</sup> Pilar López Ribera, Iria Treig Comesaña, José Manuel Vidal Vidal

### Comunidade epistémica #CLÍNICA COLECTIVA DE PROXECTOS

18/19 e 25/26 maio

### Obradoiro #FABRICACIÓN DIXITAL

9 e 10 xuño

Alg-a Lab

### Investigación Experimental #VIGO REBELDE, O METAL EN LOITA

xuño - agosto

Niquelarte / Adela Vázquez

### Seminario #COMÚNS E CULTURA

7 outubro

Proxecto Derriba

### Conversa Arte & Ciencia #O GALHEGHO LINGUA DO COMÚN

13 outubro

Luz Pichel & Montserrat Recalde

### Conversa Performativa #PAN DE CONA

10 novembro

Rita Caoba & Electroqueer



## + INFO sobre calendario e dispositivos

5

Entre finais de marzo e principios de abril tivo lugar o **Obradoiro FACER ESPAZO** da man de **Álex F. Palicio**, co asesoramento de **Paul Guy**, experto facedor do propio Museo. Coa participación de oito persoas procedentes de distintas áreas de actividade, seleccionadas mediante convocatoria pública, pensaron e construíron conxuntamente o propio espazo do salón no que terán lugar os diferentes dispositivos.

**Álex F. Palicio** é arquitecto impulsor do colectivo tecnoloxía/s apropiada/s —que se ocupa de promover e realizar construcións no ámbito sustentable, organizar talleres de formación en bioconstrución, estruturas *low-tech*...—, membro do equipo de urbanismo seteoitavas, e co-coordinador do colectivo Montenoso.

O 18/19 e 25/26 de maio desenvolverase a **CLÍNICA COLECTIVA DE PROXECTOS**, concibida como unha comunidade de aprendizaxe que procura habilitar un lugar de encontro no que xuntarse e abordar de forma colectiva proxectos ou ideas. Por medio dunha convocatoria aberta analizaranse e diagnosticaranse especificamente os proxectos seleccionados a través dunha comunidade entre pares, tecendo así un proceso horizontal e participativo de avaliación. Esta comunidade será mediada polo propio comisario, **Fran Quiroga**.

O 9 de xuño levarase a cabo o **Obradoiro FABRICACIÓN DIXITAL** da man de **Alg-a Lab**, con quen afrontaremos as novas perspectivas e planeamentos que supón a revolución dixital en ámbitos como o deseño ou a cultura dixital, en tanto esta brinda a oportunidade dun entorno aberto de prototipado, cuestiona a eficiencia e finalidade do que nos rodea, e tende cara unha implementación intelixente (*smart*) dos obxectos na chamada “Internet das cousas”.

**Alg-a Lab** é un laboratorio de experimentación cultural posto en marcha en 2008 pola comunidade de artistas Alg-a (2003). Entre as súas liñas de acción destacan a investigación en torno á arte dixital, residencias, workshops, e a Radio Piratona, radio comunitaria de Vigo.

Durante os meses de xuño e agosto estará en marcha a **Investigación Experimental VIGO REBELDE, O METAL EN LOITA**, conducida por **Adela Vázquez**, co-coordinadora do colectivo Niquelarte. Esta investigación participativa pretende analizar como a cidadanía constrúe movementos sociais que vindican a sustentabilidade das súas propias vidas, e como ocupan o espazo co obxectivo de tecer alianzas nunha cidade chea de vida que manifesta as súas pulsións a través de toda unha malla de traballadores/colectivos/sindicatos e demais axentes, na procura de manter unhas rendas dignas na industria do metal. Estes movementos sociais, a través dos seus corpos e desexos, reiventan a propia cidade vencellados ao pasado, transformando o presente e debuxando o futuro. Son a manifestación dun compromiso, dun afectarse polo dereito á cidade.

**Adela Vázquez** é licenciada en Belas Artes e co-coordinadora do proxecto **Niquelarte**, que traballa entre Galiza e Yucatán (México) co obxectivo de visibilizar as comunidades que coidan os bens comúns contidos na paisaxe en clave de capas temporais, en ambas as dúas latitudes.

O 20 e 21 de setembro desenvolverase o **Seminario COMÚNS E CULTURA**, un encontro aberto á participación, en torno aos *comúns* e ao seu potencial de apertura de novos espazos, tanto no ámbito inmaterial como no material, ao rachar coa dicotomía público/privado. Supoñen ademais unha oportunidade de transformar as relacións de poder, revertendo asimetrías de dominación ao tempo que facilitan procesos de axenciamento das propias comunidades que fan/pensan e viven eses comúns. E por suposto evidencian a necesidade de resituar esas outras formas de estar xuntos. Como espazos cheos de singularidades, os comúns son a manifestación do axir desas outras subxectividadeas, nas que a cooperación de corpos a través da multitude permite pensar outras formas de relación social.

Este Seminario é organizado polo colectivo **Proxecto Derriba**, unha organización sen ánimo de lucro adicada á reflexión en torno ao pensamento contemporáneo. Entre os seus proxectos destaca a revista de pensamento contemporáneo *Derritaxes*, a publicación dunha serie de monografías en *copyleft* xunto a Estaleiro Editora, e a organización de múltiples seminarios en torno ao pensamento contemporáneo en distintos espazos.

O 13 de outubro terá lugar a Conversa **O GALHEGHO LINGUA DO COMÚN**, concibida como mestura de arte e ciencia. A poeta e filóloga **Luz Pichel** ("Cativa en su lugar", "Tra(n)shumancias"), que vive a cabalo entre Madrid e Galicia, intervirá xunto á investigadora **Montserrat Recalde**, profesora na Universidade de Santiago de Compostela, quen ten investigado sobre ideoloxías lingüísticas, e sobre as actitudes e prexuízos cara á gheada. A través desta conversa híbrida analizaranse os procesos de subalternidade que se deron ao tempo que se iniciaban as políticas de normativización lingüística, e abordaranse as linguas como unha manifestación dos comúns, creadas e mantidas polos propios falantes.

Un mes máis tarde, o 10 de novembro, será o turno da **Conversa Performativa PAN DE CONA**, na que se traza un relato entre a xentificación dos barrios e dos corpos. Ver como nos expulsan dos nosos propios hábitats, ao igual que se expulsa aos corpos de nós mesmos. Pan de Cona é unha conversa onde poder visibilizar a realidade social duns corpos e vidas non normativas: putas, travestis, chaperos, peixeiras, perruqueiras, migrantes, convivían nos barrios chinos de cidades mariñeiras como Vigo ou A Coruña; unhas vidas e economías en común que foron arrasadas no *boom* urbanístico anterior á crise. A xentificación destes barrios ten como resultado o desprazamento destes corpos e o esquecemento destas relacións, que Rita Caoba recupera a través desta conversa, conxugando ademais música e humor a través dos seus videoclips e cancións en directo.

**Pablo Andrade** (aka **Electroqueer**) é fotógrafo, dj e activista cultural, que conta cunha acreditada experiencia no desenvolvemento de proxectos artísticos de intervención social no ámbito *queer*. **Rita Caoba** é activista cultural e loitadora na defensa da sustentabilidade da vida. O seu alter ego Bette Pardo acaba de lanzar a canción-performance *Fecaloma*. Xuntos teñen impulsado dende mani\*festa\*accións coas maribolheras precárias, ata festas performativas e sesións visuais con música.

Unha proposta como o #SalónDoMARCO que destaca pola súa aposta pola mediación, ha de ter un carácter flexible e mutante, e ser quen de adaptarse ao propio proceso. Por este motivo impúlsase unha **curadoría da escoita**. O Salón do MARCO é un espazo de aprendizaxe compartido, atento ao devir e á evolución do propio proceso. A través dunha escoita activa atenderanse iniciativas, propostas e conexións que vaian xurdindo ao longo do seu desenvolvemento.

---

## #Información práctica

Alén das datas reservadas no calendario do proxecto, o #SalónDoMARCO está a disposición de calquera persoa ou grupo que queira facer uso do espazo e das instalacións, dentro do seu horario de apertura, e respectando o seu uso comunitario. Dado o seu carácter experimental, haberá un período de teste e prototipado, antes de elaborar un breve manual de uso máis detallado.

Horario de apertura:

De martes a sábados (festivos incluídos) de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00

Domingos, de 11.00 a 14.30

O #SalónDoMARCO está aberto á posibilidade de incluír novas propostas, que se deberán remitir ao email [salondomarco@marcovigo.com](mailto:salondomarco@marcovigo.com), onde Fran Quiroga poderá avaliar e ofrecer resposta directa ás solicitudes e consultas.

Así mesmo, o persoal de taquilla e de salas estará dispoñible para calquera dúbida ou información complementaria.

---

### Contacto Departamento de Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00

[marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com)

[www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com)

<http://www.facebook.com/marcovigo>

twitter. @MARCOVigo3